



INFORME DE INTERVENCIÓN

Asunto: Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto, débeda pública e período medio de pago con motivo da liquidación do Orzamento da Deputación de Lugo no exercicio 2025, a nivel consolidado.

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e do artigo 16 do Real decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (en adiante REO), emítese o presente informe en relación ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto, de débeda pública e período medio de pago con motivo da liquidación do orzamento da Deputación de Lugo no exercicio 2025.

1. NORMATIVA APLICABLE.

- Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOE).
- Real decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades locais (REO).
- Orde ministerial HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LOE, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro e Orde HAC/1518/2025, de 22 de decembro.
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, (TRLRHL) que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en relación ó Principio de Estabilidade Orzamentaria (artigos 54.7 e 146.1).
- Manual do SEC sobre o déficit público e a débeda pública, publicado por Eurostat.
- Real Decreto Lei 15/2025, do 2 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes para favorecer a actividade investidora das entidades locais e das comunidades autónomas, e polo que se modifica o Real Decreto 1007/2023, do 5 de decembro, polo que se aproba o Regulamento que establece os requisitos que deben adoptar os sistemas e programas informáticos ou electrónicos que soporten os procesos de facturación de empresarios e profesionais, e a estandarización de formatos dos rexistros de facturación (RD Lei 15/2025).

	IV7RQWLDWMWKRZ7S4XVMNKTFY	Fecha y Hora	26/02/2026 14:21:33	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARIA ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ (Interventora)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQWLDWMWKRZ7S4XVMNKTFY	Página	1/16	



2. ANTECEDENTES.

Con data de 30 de xaneiro de 2026 remítese pola Intervención da Deputación Provincial de Lugo ao Ministerio de Facenda información coa finalidade de avaliar o cumprimento dos obxectivos que contempla a LOE, a nivel consolidado a 31 de decembro de 2025. A información remitida, referida ao cuarto trimestre de 2025, tiña carácter provisional, ao non ter datos definitivos da liquidacións da Deputación e do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento (en adiante Consorcio de bombeiros).

No presente informe actualízanse os datos á execución definitiva.

No ano 2024 reactiváronse as regras fiscais suspendidas desde o 2020. O acordo do Consello de Ministros do 16 de xullo de 2024, polo que se fixan os obxectivos de estabilidade e de débeda pública para o conxunto das Administracións Públicas e cada un dos seus subsectores para o período 2025-2027 para a súa remisión ás Cortes Xerais, e o límite de gasto non financeiro do Orzamento do Estado para 2025, de acordo coa LOE, foi rexeitado polo Congreso dos Deputados de 23 de xullo de 2024. Posteriormente, o Consello de Ministros adoptou, o 10 de setembro de 2024, un segundo acordo de establecemento de obxectivos, coincidente con anterior, que foi presentado no Congreso dos Deputados o 20 de setembro e retirado da tramitación parlamentaria por outro acordo do Consello de Ministros de 24 de setembro de 2024. Nos devanditos Acordos para as Entidades Locais fixébase o obxectivo do déficit do 0,0% do PIB para os tres exercicios contemplados e de débeda pública do 1,3% para 2025 e 2026, e do 1,2% para 2027 e se establece a taxa de referencia de crecemento do PIB a medio prazo da economía española, que limita a variación do gasto computable das Administracións Públicas, no 3,2%, o 3,3% e o 3,4% para 2025, 2026 e 2027, respectivamente.

Ao non ser aprobados polo Congreso dos Deputados, teñen carácter vinculante os obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para o subsector local no actual Plan Fiscal Estructural a Medio Prazo do Reino de España 2025-2028, valorado favorablemente pola Comisión Europea o 26 de novembro do 2024, e que recolle a senda de estabilidade orzamentaria para o período 2025-2027 para o conxunto das Administracións Públicas (en porcentaxe de PIB), fixando para o 2025 un déficit del -2,5%. Non obstante, na situación actual, cabe considerar que o Subsector Local e cada entidade local individualmente considerada terá que rexistrar equilibrio orzamentario ou superávit en 2025.

Dado que o artigo 15.3 da LOE establece que a fixación do obxectivo de débeda pública será coherente co de estabilidade orzamentaria, o obxectivo de débeda pública aplicable ao subsector local en 2025 será do 1,3% do PIB. Non obstante, para cada entidade local individualmente considerada, se aplican os límites ao endebedamento previstos no TRLRHL.

Respecto á taxa de referencia de crecemento do PIB a efectos da aplicación da regra de gasto, ao non ser necesaria a súa aprobación polas Cortes Xerais, se considera aplicable a prevista nos Acordos do Consello de Ministros do 16 de xullo e 10 de setembro de 2024, que establecen unha taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto a medio prazo da economía española do 3,2%.

	IV7RQWLDWMWKRZ7S4XVMNKTFY	Fecha y Hora	26/02/2026 14:21:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARIA ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ (Interventora)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQWLDWMWKRZ7S4XVMNKTFY	Página	2/16





3. ÁMBITO SUBJECTIVO DE APLICACIÓN.

Na presente liquidación, o único ente público dependente da Deputación, é o Consorcio de bombeiros seguindo o artigo 2.1 da LOE e do 4.1 do REO.

4. AVALIACIÓN ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGRA DE GASTO, DÉBEDA PÚBLICA E PMP CON MOTIVO DA LIQUIDACIÓN A NIVEL CONSOLIDADO DO ORZAMENTO 2025

I) ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E REGRA DO GASTO:

Realízase a consolidación dos datos contidos nas liquidacións dos orzamentos a 31 de decembro de 2025 da propia Deputación Provincial e do Consorcio de bombeiros.

De conformidade co disposto no artigo 115 do R.D. 500/90, para efectuar a consolidación dos orzamentos anteriores, deberán harmonizarse os estados de gastos e ingresos eliminando as operacións internas.

Os axustes que proceden por **eliminación das operacións internas** serían:

- a) Dedución por transferencias correntes da Deputación de Lugo ata 31 de decembro de 2025 a:
 - 1. Consorcio de bombeiros (achega ordinaria)3.197.862,38
 - 2. Consorcio de bombeiros (achega extraordinaria)532.839,21
 - Total transferencias correntes 3.730.701,59**
- b) Dedución por transferencias de capital da Deputación de Lugo ata 31 de decembro de 2025 a:
 - 1. Consorcio de bombeiros (achega extraordinaria)367.160,79
 - Total transferencias de capital 367.160,79**
 - Total4.097.862,38**
- c) Outras operacións internas por gastos correntes do Consorcio de Bombeiros a:
 - 1. Deputación de Lugo (gastos de persoal¹)102.272,50
 - 2. Deputación de Lugo (gastos de asesoría xurídica²)30.000,00
 - Total outras operacións internas 132.272,50**

¹ Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Consorcio Provincial de Lugo para a realización, por persoal funcionario propio da Deputación Provincial, de funcións e tarefas no ámbito do Consorcio.

² Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e o Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, para a prestación de asistencia xurídica. Estes gastos foron obxecto de facturación pola Deputación de Lugo, polo que se engadiu o 21 por cento en concepto de IVE, se ben a efectos de axuste so se tivo en conta a base imponible, considerándose que a cota de IVE é un coste a maiores do Consorcio por ser o consumidor final, que non se debe engadir no axuste a realizar por non supoñer un ingreso orzamentario da Deputación Provincial.

	IV7RQWLD FMWKRDZ7S4XVMNKTFY	Fecha y Hora	26/02/2026 14:21:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARIA ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ (Interventora)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQWLD FMWKRDZ7S4XVMNKTFY	Página	3/16





▪ Deputación Provincial de Lugo:

LIQUIDACIÓN 2025

		DEPUTACIÓN (DRN)
I N G R E S O S	CAP. 1	8.656.093,37
	CAP. 2	5.453.094,56
	CAP. 3	6.918.280,00
	CAP. 4	108.681.073,48
	CAP. 5	1.298.889,56
	CAP. 6	607.226,61
	CAP. 7	117.622,98
	CAP. 8	814.114,98
	CAP. 9	0,00
	TOTAL	132.546.395,54

		DEPUTACIÓN (ORN)
G A S T O S	CAP. 1	30.460.673,00
	CAP. 2	28.417.878,33
	CAP. 3	146.777,55
	CAP. 4	23.061.492,16
	CAP. 5	
	CAP. 6	21.245.618,79
	CAP. 7	22.166.546,13
	CAP. 8	77.000,00
	CAP. 9	7.500.000,00
	TOTAL	133.075.985,96

SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO:

TOTAL INGRESOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	131.732.280,56
TOTAL GASTOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	125.498.985,96
CAPACIDADE / NECESIDADE DE FINANCIAMENTO	6.233.294,60

A partir dos criterios contidos no “Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás Corporacións Locais (1ª edición)” elaborado pola Intervención Xeral de Administración do Estado cómpre a realización dunha serie de axustes nas magnitudes orzamentarias anteriores para adaptar a información contable aos criterios de Contabilidade Nacional contidos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais. Tivéronse en conta as seguintes consideracións:

- 1. Rexistro en contabilidade nacional dos impostos, cotizacións sociais, taxas e outros ingresos:** para os ingresos contabilizados nos capítulos I, II e III (agás os conceptos relativos a cesión de tributos estatais), do orzamento de ingresos, utilízase o criterio de caixa de cada exercicio, sexa do exercicio corrente ou de exercicios pechados. Deste xeito obtemos os seguintes importes:

	IV7RQWLDWMWKRZ7S4XVMNKTFY	Fecha y Hora	26/02/2026 14:21:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARIA ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ (Interventora)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQWLDWMWKRZ7S4XVMNKTFY	Página	4/16





	CAP 1	CAP 2	CAP 3
- Dereitos recoñecidos netos	3.428.569,20	0,00	6.918.280,00
- Recad. líquida (ex. corrente e pechados)	3.379.473,06	0,00	6.924.303,83
Axuste (maior déficit en cont. nacional)	-49.096,14	0,00	0,00
Axuste (menor déficit en cont. nacional)	0,00	0,00	6.023,83

2. Tratamento das entregas a conta de impostos cedidos, do fondo complementario de financiamento e do fondo de financiamento de asistencia sanitaria: en contabilidade nacional estes pagos rexístranse no período no que se pagan, e a liquidación definitiva resultante, no momento en que se determina a súa contía e se satisfán. Os dereitos recoñecidos netos destes conceptos correspóndense coas entregas a conta mensuais de xaneiro a decembro de 2025 por un importe total de 110.867.353,44 euros, os saldos dos conceptos positivos minorados nos negativos da liquidación de 2023 por importe de 7.960.169,20 €, e as devolucións das liquidacións definitivas da participación das entidades locais en tributos do Estado correspondente aos anos 2008 por importe de 195.214,68 euros e 2009 por 814.870,80 euros. Coa finalidade de non incluír no cálculo o efecto das liquidacións definitivas negativas da participación das entidades locais en tributos do Estado correspondente aos anos 2008 e 2009, tal e como se indica no acordo da Subcomisión de Réxime Económico, Financeiro e Fiscal, da Comisión Nacional de Administración Local (CNAL) e na plataforma da oficina virtual da entidades locais do Ministerio de Facenda en relación á información a comunicar para o cumprimento das obrigas contempladas na Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro en relación ás informacións trimestrais de liquidación do Orzamento, realízase o seguinte axuste:

- Axuste por liq. PTE 2008 (menor déficit en contabilidade nacional)..... 195.214,68 €
- Axuste por liq. PTE 2009 (menor déficit en contabilidade nacional)..... 814.870,80 €

- **Ingresos obtidos do orzamento da Unión Europea:** Nos ingresos obtidos pola corporación como destinataria final dos fondos comunitarios, ao xestionar proxectos cofinanciados pola Unión Europea, o momento do recoñecemento dos fondos en contabilidade nacional é o da remisión pola Corporación da certificación do gasto ás unidades administradoras, e polo importe resultante de aplicar a porcentaxe de financiamento que corresponda co gasto certificado e remitido á unidade administradora. Se ben, no suposto dos proxectos financiados con fondos MRR, a súa incidencia na estabilidade ten que ser nula, polo que nestes supostos, os axustes corresponden á diferenza entre o financiamento que corresponda aos gastos recoñecidos no exercicio e os dereitos recoñecidos no mesmo período. No 2025 son varios os proxectos financiados con fondos europeos susceptibles de ter incidencia nos axustes da estabilidade:

- Proxecto de Impulso do Ecosistema de Economía Social no sector agroalimentario “AGROSOCIAL” dentro da convocatoria Interreg VIN A España – Portugal (POCTEP) 2021-2027, financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER): no exercicio 2025 certificouse gasto e remitiuse á unidade administradora por importe de 17.724,06 euros e recibíuse e recoñeceu ingreso de 13.293,05 euros correspondente á porcentaxe de financiamento (75 por cento), do gasto certificado, polo que esta actuación non da lugar a axuste.

	IV7RQWLDWMWKRZ7S4XVMNKTFY	Fecha y Hora	26/02/2026 14:21:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARIA ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ (Interventora)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQWLDWMWKRZ7S4XVMNKTFY	Página	5/16





DEPUTACIÓN DE LUGO

- Proxecto IMPULSA TIC, correspondente á subvención enmarcada no MRR ao amparo da CONVOCATORIA DE PROXECTOS DE MODERNIZACIÓN E DIXITALIZACIÓN NO ÁMBITO DAS ADMINISTRACIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS do Ministerio de Política Territorial: No exercicio 2025 non se certificou gasto ningún, pero se recoñeceron obrigas por importe de 3.869.230,54 euros, sen que se recoñeceran ingresos, polo que no ano 2025, co obxecto de que a súa incidencia na estabilidade sexa nula, procede realizar un axuste positivo polo anterior importe ao ser o seu financiamento do 100 por cento.
- Proxecto RETO RURAL DIGITAL PARA O PROXECTO "Y PARA DIGITALIZARSE LUGO" DE CAPACITACION DIGITAL, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR): recoñecéronse obrigas no ano 2025 por importe de 50.280,70 euros, sen que se recoñeceran ingresos. Do mesmo xeito que o anterior proxecto, vai provocar un axuste positivo do dito importe ao ser o seu financiamento do 100 por cento.
- Proxecto "CREACIÓN EXPERIENCIA TURISMO DE EMBALSES DE ESPAÑA", financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), téndose executado tanto en gastos coma en ingresos a totalidade do proxecto no exercicio 2025, non procede axuste por esta actuación.
- O proxecto "XEOPADRÓN", que recolle a actuación da subvención de transformación dixital e modernización dos sistemas de xestión do padrón municipal das Entidades Locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR): no 2025 nin se recoñeceron obrigas nin dereitos, polo que non procede axuste por esta actuación.

Así pois, o resume dos axuste na estabilidade por este concepto é o seguinte:

PROXECTO FONDOS FEDER		GASTO CERTIFICADO	DRN	CF	IMPORTE DO AXUSTE
2024/3/AGROS/1	IMPULSO ECOSISTEMA DE ECONOMÍA SOCIAL NO SECTOR AGROLALIMENTARIO "AGROSOCIAL"	17.724,06	13.293,05	0,75	0,00
PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS MRR		OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	CF	IMPORTE DO AXUSTE
2023/2/IMPUL/1	TRANSF.DIXITAL E MODERNIZ. ADMONS.PÚBLICAS ENT.LOCAIS	3.869.230,54	0,00	1	3.869.230,54
2025/3/DIGIT/1	RETO RURAL DIXITAL PARA O PROXECTO "Y PARA DIGITALIZARSE LUGO" DE CAPACITACIÓN DIXITAL	50.280,70	0,00	1	50.280,70
2024/3/EMBAL/1	CREACIÓN EXPERIENCIA TURISMO DE EMBALSES DE ESPAÑA	125.416,75	111.660,78	0,89	0,00
2024/2/GEOPA/1	TRANSFORMACIÓN DIXITAL E MODERNIZACIÓN DOS SISTEMAS DE XESTIÓN DO PADRÓN MPAL.	0,00	0,00	1	0,00
TOTAL AXUSTE					3.919.511,24

	IV7RQWLD FMWKRDZ7S4XVMNKTFY	Fecha y Hora	26/02/2026 14:21:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARIA ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ (Interventora)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQWLD FMWKRDZ7S4XVMNKTFY	Página	6/16





4. Tratamento dos xuros en contabilidade nacional: rexe o principio de devengo, de xeito que deberán incorporarse os xuros devengados no exercicio 2025, tanto vencidos como non vencidos. A distribución por exercicios das obrigas recoñecidas por xuros na liquidación de gastos e ingresos no dito período é a seguinte:

ORZAMENTO	APLICACIÓN / CONCEPTO	CONTABILIDADE ORZAMENTARIA	DEVENGADOS EN 2025	DEVENGADOS EN 2024 E ANT.	CONTABILIDADE NACIONAL	AXUSTE (+ MENOR DÉFICIT / - MAIOR DÉFICIT)
GASTOS	0110.310	87.014,79	86.332,91	681,88	86.332,91	681,88
GASTOS	9320.352	58.584,12	8.265,31	50.318,81	8.265,31	50.318,81
GASTOS	9340.352	1.178,64	0,00	1.178,64	0,00	1.178,64
INGRESO	39300	12.112,91	12.903,06	-790,15	12.903,06	790,15
INGRESO	5170	24.173,24	24.173,24		24.173,24	0,00
INGRESO	5200	1.045.281,12	1.043.357,38	3.979,20	1.043.357,38	-1.923,74
TOTAL						51.045,74

5 Arrendamentos financeiros: Contabilízase orzamentariamente cada ano a amortización no capítulo 6 e o gasto financeiro no capítulo 3. Non existen contratos de arrendamentos financeiro vixentes no exercicio polo que non é preciso a realización de axuste ningún.

6 Gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ao orzamento de gastos da corporación local: A conta 413 “Acredores por operacións devengadas” recolle as obrigas derivadas de gastos realizados ou bens e servizos recibidos, para os que non se produciu a aplicación ó orzamento. Estaríamos ante obrigas respecto as que, non ditándose o correspondente acto formal de recoñecemento e liquidación, derivanse de bens e servizos efectivamente recibidos.

O saldo da conta 413 ao final do exercicio (376.130,98 euros), é superior ao inicial (153.076,96 euros), nun importe de 223.054,02 euros, o que dará lugar a un axuste como maior gasto non financeiro en contabilidade nacional, aumentando o déficit da corporación.

- Axuste (maior déficit en contabilidade nacional)..... -223.054,02 €

7 Achegas de capital: Durante o exercicio non se efectuaron achegas de capital, polo que non procede axuste ningún por este concepto.

8 Devolucións de ingresos pendentes de aplicar ao orzamento: a obriga de pago inherente ao recoñecemento dunha devolución de ingreso impútase na contabilidade nacional ao exercicio no que se xerou, mentres que na contabilidade local se fai no exercicio no que se executa, polo que deberá axustarse a diferenza entre o saldo inicial e final. Así, se o importe dos ingresos pendentes de devolución recollidos no saldo da conta “418 Acredores por devolucións de ingresos” a fin de ano é maior que o inicial, aumenta o déficit da corporación e viceversa. O saldo da conta 418 ao final do exercicio (165,12 euros), é inferior ao inicial (2.866,78 euros), nun importe de 2.701,66 euros, o que dará lugar a un axuste como maior ingreso non financeiro en contabilidade nacional, reducindo o déficit da corporación.

	IV7RQWLD FMWKRDZ7S4XVMNKTFY	Fecha y Hora	26/02/2026 14:21:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARIA ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ (Interventora)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQWLD FMWKRDZ7S4XVMNKTFY	Página	7/16





DEPUTACIÓN DE LUGO

- Axuste (menor déficit en contabilidade nacional) 2.701,66 €

- 9 Non existen investimentos realizados polo sistema de “abono total do prezo” ou realizados por conta da Deputación, nin percepción de dividendos ou participación en beneficios. Tampouco houbo operacións de permuta financeira, nin operacións de execución e reintegro de avais, nin asunción ou cancelación de débedas de empresas públicas provinciais.

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NA LIQUIDACIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2025 S/CONTABILIDADE NACIONAL

		DEPUTACIÓN
SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCIERO:		
TOTAL INGRESOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)		131.732.280,56
TOTAL GASTOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)		125.498.985,96
CAPACIDADE / NECESIDADE DE FINANCIAMENTO		6.233.294,60
GR000	Axuste por recadación ingresos capítulo 1	-49.096,14
GR000b	Axuste por recadación ingresos capítulo 2	0,00
GR000c	Axuste por recadación ingresos capítulo 3	6.023,83
GR001	(+) Axuste por liquidación PTE - 2008	195.214,68
GR002	(+) Axuste por liquidación PTE - 2009	814.870,80
GR002b	(+/-) Axuste por liquidación PTE exercicios distintos a 2008 e 2009	0,00
GR006	Xuros	51.045,74
GR006b	Diferenzas de cambio	0,00
GR015	(+/-) Axuste por grao de execución do gasto	0,00
GR009	Invers. realizadas por conta da Corporación	0,00
GR004	Ingresos por alleamentos de accións (privatizacións)	0,00
GR003	Dividendos e participacións en beneficios	0,00
GR016	Ingresos obtidos do pto. da Unión Europea	3.919.511,24
GR017	Operacións de permuta financeira (SWAPS)	0,00
GR018	Operacións de reintegro e execución de avais	0,00
GR012	Aportacións de capital	0,00
GR013	Asunción e cancelación de débedas	0,00
GR014	Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	-223.054,02
GR008	Adquisicións con pago aprazado	0,00
GR008a	Arrendamento financeiro	0,00
GR008b	Contratos de asociación publico privada (APP's)	0,00
GR010	Inversións realizadas pola corporación local por conta doutra Administración Publica	0,00
GR019	Préstamos	0,00
GR020	Devolucións de ingresos pendentes de aplicar a orzamento	2.701,66
GR021	Consolidación de transferencias con outras AAPP	0,00
GR099	Outros	0,00
Total de axustes ao orzamento da Entidade		4.717.217,79
(+) CAPACIDADE / (-) NECESIDADE DE FINANCIAMENTO AXUSTADA		10.950.512,39

	IV7RQWLDWMWKRZ7S4XVMNKTFY	Fecha y Hora	26/02/2026 14:21:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARIA ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ (Interventora)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQWLDWMWKRZ7S4XVMNKTFY	Página	8/16





DEPUTACIÓN DE LUGO

Tocante á regra de gasto da Deputación de Lugo:

APLICACIÓN DA REGRA DO GASTO NA LIQUIDACIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2025 S/CONTABILIDADE NACIONAL

Concepto	Liquidación Eercicio 2024	Liquidación Eercicio 2025
Suma dos capítulos 1 a 7 de gastos (excluídos xuros de débeda)	109.629.204,34	125.352.208,41
AXUSTES Cálculo empregos non financeiros según SEC	-234.760,40	-350.728,99
(-) Alleamento de terreos e demais inversións	-343.484,29	-573.783,01
(+/-) Inversións realizadas por conta da Corporación Local	0,00	0,00
(+/-) Execución de avais	0,00	0,00
(+) Aportacións de capital	0,00	0,00
(+/-) Asunción e cancelación de débedas	0,00	0,00
(+/-) Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	108.723,89	223.054,02
(+/-) Pagos a socios privados realizados no marco das asociacións público privadas.	0,00	0,00
(+/-) Adquisicións con pago aprazado	0,00	0,00
(+/-) Arrendamento financeiro.	0,00	0,00
(+) Préstamos.	0,00	0,00
(-) Mecanismo extraordinario de pago provedores 2012	0,00	0,00
(-) Inversións realizadas pola Corporación local por conta doutra Administración Pública	0,00	0,00
(+/-) Axuste por grao de execución do gasto	0,00	0,00
Outros (Especificar)	0,00	0,00
Emprego s non financeiro s termino s SEC excepto xuro s da débeda	109.394.443,94	125.001.479,42

(-) Pagos por transf. (e outras op. internas) a outras entidades que integran a Corp. Local	-2.294.356,18	-4.097.862,38
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da UE ou doutras AAPP	-1.101.751,30	-5.561.147,09
Unión Europea	-136.532,16	-4.128.591,71
Estado	-166.837,54	-527.203,47
Comunidade Autónoma	-73.811,39	0,00
Deputacións	0,00	0,00
Outras Administracións Públicas	-724.570,21	-905.351,91
Total do gasto computable do exercicio (1)	105.998.336,46	115.342.469,95

(-) Diminución gasto computable por inv. Financeiramente sustentables (2)	0,00	0,00
Aplicación da taxa de crecemento do PIB (3,2%) para o 2025 (3 = [(1)-(2)] * (1+3,2%))	109.390.283,23	
(+/-) Incrementos / diminucións de recadación por cambios normativos (4)		0,00
Límite da regra de gasto 2025 (5 = + 3 + 4)		109.390.283,23

Diferenza entre o límite da regra de gasto e o gasto computable 2025 (5 - 1)		-5.952.186,72
---	--	----------------------

	IV7RQWLDFMWKRDZ7S4XVMNKTFY	Fecha y Hora	26/02/2026 14:21:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARIA ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ (Interventora)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQWLDFMWKRDZ7S4XVMNKTFY	Página	9/16





▪ Consorcio de bombeiros:

LIQUIDACIÓN 2025

		CONSORCIO (DRN)
I N G R E S O S	CAP. 1	0,00
	CAP. 2	0,00
	CAP. 3	1.524.278,61
	CAP. 4	7.461.403,18
	CAP. 5	0,00
	CAP. 6	0,00
	CAP. 7	734.321,58
	CAP. 8	0,00
	CAP. 9	0,00
	TOTAL	9.720.003,37

		CONSORCIO (ORN)
G A S T O S	CAP. 1	7.523.659,46
	CAP. 2	1.140.448,15
	CAP. 3	287,60
	CAP. 4	0,00
	CAP. 5	0,00
	CAP. 6	194.509,27
	CAP. 7	0,00
	CAP. 8	0,00
	CAP. 9	0,00
	TOTAL	8.858.904,48

SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO:

TOTAL INGRESOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	9.720.003,37
TOTAL GASTOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	8.858.904,48
CAPACIDADE / NECESIDADE DE FINANCIAMENTO	861.098,89

É preciso a realización dos seguintes axustes para adaptar os importes da liquidación á contabilidade nacional:

Rexistro en contabilidade nacional dos impostos, cotizacións sociais, taxas e outros ingresos: para os ingresos contabilizados nos capítulos I, II e III (agás os conceptos relativos a cesión de tributos estatais), do orzamento de ingresos, utilízase o criterio de caixa de cada exercicio, sexa do exercicio corrente ou de exercicios pechados. Deste xeito obtemos os seguintes importes:

	CAP 1	CAP 2	CAP 3
- Dereitos recoñecidos netos	0,00	0,00	1.524.278,61
- Recad. líquida (ex. corrente e pechados)	0,00	0,00	1.393.272,96
Axuste (maior déficit en cont. nacional)	0,00	0,00	-131.005,65

	IV7RQWLDFMVKRDZ7S4XVMNKTFY	Fecha y Hora	26/02/2026 14:21:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARIA ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ (Interventora)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQWLDFMVKRDZ7S4XVMNKTFY	Página	10/16





DEPUTACIÓN DE LUGO

Gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ao orzamento de gastos da corporación local: A conta 413 “Acredores por operacións devengadas” recolle as obrigacións devengadas que non se aplicaron ao orzamento sendo procedente a súa aplicación no período actual ou nalgún anterior. Estaríamos ante obrigas respecto as que, non ditándose o correspondente acto formal de recoñecemento e liquidación, derivanse de bens e servizos, conformados ou non, e presuntamente recibidos, toda vez que existe documento xustificativo.

O saldo da conta 413 ao final do exercicio (158.730,86 €) é menor co inicial (683.896,95 €) nun importe de 525.166,09 €, o que dará lugar a un axuste como menor gasto non financeiro en contabilidade nacional, aumentando o superávit da corporación.

- Axuste (menor déficit en contabilidade nacional)525.166,09€

Outros. Inclúese como un axuste os gastos extraordinarios derivados da situación de emerxencia ocasionada polos incendios acontecidos no verán de 2025 na Comunidade Autónoma de Galicia. Aínda que, o ámbito forestal non se inclúe dentro do ámbito de actuación do Consorcio e o ámbito territorial é a provincia de Lugo, a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, solicitou a colaboración desta entidade co fin de axudar na resolución daquelas circunstancias.

Deste xeito, o importe dos gastos extraordinarios imputables a estas actuacións cífranse en 133.321,86 €. Este axuste eleva a capacidade de financiamento no devandito importe.

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NA LIQUIDACIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2025 S/CONTABILIDADE NACIONAL		CONSORCIO BOMBEIROS
SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO:		
TOTAL INGRESOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)		9.720.003,37
TOTAL GASTOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)		8.858.904,48
CAPACIDADE / NECESIDADE DE FINANCIAMENTO		861.098,89
GR000	Axuste por recadación ingresos capítulo 1	0,00
GR000b	Axuste por recadación ingresos capítulo 2	0,00
GR000c	Axuste por recadación ingresos capítulo 3	-131.005,65
GR001	(+) Axuste por liquidación PTE – 2008	0,00
GR002	(+) Axuste por liquidación PTE – 2009	0,00
GR002b	(+/-) Axuste por liquidación PTE exercicios distintos a 2008 e 2009	0,00
GR006	Xuros	0,00
GR006b	Diferenzas de cambio	0,00
GR015	(+/-) Axuste por grao de execución do gasto	0,00
GR009	Invers. realizadas por conta da Corporación	0,00
GR004	Ingresos por alleamentos de accións (privatizacións)	0,00
GR003	Dividendos e participacións en beneficios	0,00
GR016	Ingresos obtidos do pto. da Unión Europea	0,00
GR017	Operacións de permuta financeira (SWAPS)	0,00

	IV7RQWLD FMWKRDZ7S4XVMNKTFY	Fecha y Hora	26/02/2026 14:21:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARIA ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ (Interventora)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQWLD FMWKRDZ7S4XVMNKTFY	Página	11/16





DEPUTACIÓN DE LUGO

GR018	Operacións de reintegro e execución de avais	0,00
GR012	Aportacións de capital	0,00
GR013	Asunción e cancelación de débedas	0,00
GR014	Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	525.166,09
GR008	Adquisicións con pago aprazado	0,00
GR008a	Arrendamento financeiro	0,00
GR008b	Contratos de asociación publico privada (APP's)	0,00
GR010	Inversións realizadas pola corporación local por conta doutra Administración Publica	0,00
GR019	Préstamos	0,00
GR020	Devolucións de ingresos pendentes de aplicar a orzamento	0,00
GR021	Consolidación de transferencias con outras AAPP	0,00
GR099	Outros	133.321,86
Total de axustes ao orzamento da Entidade		527.482,30
(+) CAPACIDADE / (-) NECESIDADE DE FINANCIAMENTO AXUSTADA		1.388.581,19

O Consorcio de Bombeiros, a nivel individual, na liquidación a 31 de decembro de 2025, cos obxectivos aplicados desde a entrada en vigor da LOE, CUMPRE CO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

Tocante á regra de gasto do Consorcio:

APLICACIÓN DA REGRA DO GASTO NA LIQUIDACIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2025 S/CONTABILIDADE NACIONAL

Concepto	Liquidación Eercicio 2024	Liquidación Eercicio 2025
Suma dos capítulos 1 a 7 de gastos (excluídos gastos financeiros)	6.961.788,60	8.858.778,14
AXUSTES Cálculo empregos non financeiros según SEC	594.978,24	-658.487,95
(-) Alleamento de terreos e demais inversións	0,00	0,00
(+/-) Inversións realizadas por conta da Corporación Local	0,00	0,00
Corporación Local (5)	0,00	0,00
(+/-) Execución de avais	0,00	0,00
(+) Aportacións de capital	0,00	0,00
(+/-) Asunción e cancelación de débedas	0,00	0,00
(+/-) Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	594.978,24	-525.166,09
(+/-) Pagos a socios privados realizados no marco das asociacións público privadas.	0,00	0,00
(+/-) Adquisicións con pago aprazado	0,00	0,00
(+/-) Arrendamento financeiro.	0,00	0,00
(+) Préstamos.	0,00	0,00
(-) Mecanismo extraordinario de pago provedores 2012	0,00	0,00
(-) Inversións realizadas pola Corporación local por conta doutra Administración Pública	0,00	0,00

	IV7RQWLDWMWKRZ7S4XVMNKTFY	Fecha y Hora	26/02/2026 14:21:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARIA ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ (Interventora)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQWLDWMWKRZ7S4XVMNKTFY	Página	12/16





DEPUTACIÓN DE LUGO

(+/-) Axuste por grao de execución do gasto	0,00	0,00
Outros (Especificar)	0,00	-133.321,86
Emprego s non financeiros termino s SEC excepto xuros da débeda	7.556.766,84	8.200.290,19

(-) Pagos por transf. (e outras op. internas) a outras entidades que integran a Corp. Local	0,00	-132.272,50
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da UE ou doutras AAPP	0,00	0,00
Unión Europea	0,00	0,00
Estado	0,00	0,00
Comunidade Autónoma	0,00	0,00
Deputacións	0,00	0,00
Outras Administracións Públicas	0,00	0,00
Total do gasto computable do exercicio (1)	7.556.766,84	8.068.017,69

(-) Diminución gasto computable por investimentos financeiramente sustentables (2)	0,00	0,00
Aplicación da taxa de crecemento do PIB (3,2%) para o 2025 (3 = [(1)-(2)] * (1+3,2%))	7.798.583,38	-
(+/-) Incrementos / diminucións de recadación por cambios normativos (4)		0,00
Límite da regra de gasto 2025 (5 = + 3 + 4)		7.798.583,38

Diferenza entre o límite da regra de gasto e o gasto computable 2025 (5-1)	-269.434,31
---	--------------------

O Consorcio de Bombeiros, a nivel individual, na liquidación a 31 de decembro de 2025, INCUMPRE COA REGRA DO GASTO.

Resumo da análise:

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA					
Entidade	Ingreso non financeiro	Gasto non financeiro	Axustes propia Entidade	Axustes por operacións internas	Capac./Nec. Financ. Entidade
DEPUTACION DE LUGO	131.732.280,56	125.498.985,96	4.717.217,79	0,00	10.950.512,39
CONSORCIO BOMBEIROS	9.720.003,37	8.858.904,48	527.482,30	0,00	1.388.581,19
Capacidade / Necesidade Financiamento da Corporación Local a nivel consolidado					12.339.093,58

	IV7RQWLDWMWKRZ7S4XVMNKTFY	Fecha y Hora	26/02/2026 14:21:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARIA ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ (Interventora)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQWLDWMWKRZ7S4XVMNKTFY	Página	13/16





REGRA DE GASTO							
Entidade	Gasto computable Liquidación 2024 sen IFS (1)	Gts. Inv. Financ. Sustentables (2024) (11)	(2)=((1)-(11)) *(1+TRCPIB)	Aumentos/ diminucións recadac. (art. 12.4) Pto.Act. 2025 (IncNorm2025) (3)	Gts. Inv. Financ. Sustentables (2025) (4)	Límite da regra de gasto (5)=(2)+(3)	Gasto computable Liquidación 2025 (6)
DEPUTACION DE LUGO	105.998.336,46	0,00	109.390.283,23	0,00	0,00	109.390.283,23	115.342.469,95
CONSORCIO BOMBEIROS	7.556.766,84	0,00	7.798.583,38	0,00	0,00	7.798.583,38	8.068.017,69
TOTAL	113.555.103,30	0,00	117.188.866,61	0,00	0,00	117.188.866,61	123.410.487,64

(2) Taxa de referencia de crecemento do produto Interior Bruto para o exercicio 2025 é do 3,2 %.

Diferenza entre o "Límite da Regra do Gasto" e o "Gasto computable Liq.2025" (GC2025) (5)-(6) **-6.221.621,03**

En conclusión, a entidade a nivel consolidado cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria e incumpre a regra de gasto na liquidación a 31 de decembro de 2025, de acordo coa LOE.

Téndose aprobado no ano 2025 (ante o incumprimento da Regra de gasto na liquidación de 2024), un Plan Económico-Financeiro de reequilibrio que permitise no ano 2025 e no seguinte (2026), o cumprimento da regra de gasto, este incumprimento esixirá aprobar un acordo de non dispoñibilidade de crédito para que o gasto computable de 2026 se manteña dentro da senda de cumprimento. Dito acordo de non dispoñibilidade de crédito deberá aplicarse, a lo menos, polo importe do incumprimento, salvo que se compense con outras medidas adicionais, coma son a declaración de inversións financeiramente sustentables (en adiante IFS), logo da habilitación da Disposición Adicional Sexta da LOE aprobada polo RD Lei 15/2025.

II) DÉBEDA PÚBLICA:

A 31 de decembro de 2025 a débeda financeira a nivel de consolidación nos termos do PDE é 0, xa que:

- Débeda viva con entidades financeiras a 31-12-2025 0,00 €
- Débeda viva por operacións de factoring sen recurso 0,00 €
- Total débeda L/P (PDE) a 31-12-20250,00 €**

- Operacións de tesourería Non existen

Polo que o nivel de endebedamento nos termos do PDE a 31-12-2025 é 0.

III) PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES:

O período medio de pago global a provedores en termos económicos correspondente ao mes de decembro de 2025 da Deputación de Lugo e o seu ente dependente, o Consorcio de Bombeiros, segundo a

	IV7RQWLDFMWKRDZ7S4XVMNKTFY	Fecha y Hora	26/02/2026 14:21:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARIA ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ (Interventora)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQWLDFMWKRDZ7S4XVMNKTFY	Página	14/16





metodoloxía prevista no Real decreto 635/2014, de 25 de xullo, modificado polo Real Decreto 1040/2017, do 22 de decembro, segundo os datos que constan no sistema de información contable da Deputación Provincial de Lugo e a información subministrada a esta intervención polo ente dependente, é o seguinte:

Entidade	Ratio de Operacións Pagadas	Importe Pagos Mensuais	Ratio de Operacións Pktes. de Pago	Imp. Pktes. de Pago Mensuais	Período Medio de Pago Mensual
Deputación Prov. Lugo	10,23	3.574.100,75	17,27	1.352.446,40	12,16
Consortio Bombeiros	18,00	217.731,65	13,82	382,84	17,99
PMP Global	10,68	3.791.832,40	17,27	1.352.829,24	12,41

5. SEGUIMIENTO DO CUMPRIMENTO DO DESTINO DO SUPERÁVIT DA LIQUIDACIÓN DE 2024 NO ANO 2025

O artigo 12.5 da LOE recolle que os ingresos que se obteñan por riba do previsto destinaranse integramente a reducir o nivel de débeda pública, e o artigo 32 da LOE establece a obrigatoriedade de destinar o superávit da liquidación da Corporación a nivel consolidado, ou o remanente de tesourería para gastos xerais se este fora menor, a reducir o nivel de endebedamento neto, ou alternativamente, no suposto de que se prorrogue por norma de rango legal, aos destinos previstos na Disposición Adicional Sexta da mesma.

Os datos resultantes da liquidación do orzamento de 2024 foron os seguintes:

	DEPUTACIÓN PROVINCIAL	CONSORCIO DE BOMBEIROS	CONSOLIDADO
Capacidade de financiamento	23.406.700,04	-1.826.850,70	21.579.849,34
Remanente de tesourería para gastos xerais	84.682.322,18	1.460.221,86	-
Saldo das operacións pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/24	153.076,96	683.896,95	-
Débeda pendente PDE	6.000.000,00	0,00	6.000.000,00
Ingresos recibidos por riba dos previstos a efectos de amortización débeda por aplicación do art. 12.5	259.033,78	0,00	259.033,78

En aplicación dos devanditos artigos, no exercicio 2025 procedeuse a amortizar anticipadamente a totalidade da débeda en termos PDE viva en termos consolidados, antes da aprobación do RD Lei 15/2025, que se publicou no Boletín Oficial do Estado o día do 3 de decembro de 2025 e foi validado polo Congreso dos Deputados o 11 de decembro de 2025, en aplicación do seu artigo primeiro, prorrogou a Disposición Adicional 6ª da LOE, que permite ás entidades locais destinar o superávit obtido na liquidación do exercicio 2024 a IFS nos anos 2025, 2026 e 2027.

Ao amortizarse a totalidade da débeda cumpriuse co disposto nos artigos 12.5 e 32 da LOE, resultando unha débeda consolidada en termos PDE de 0.

	IV7RQWLD FMWKRDZ7S4XVMNKTFY	Fecha y Hora	26/02/2026 14:21:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARIA ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ (Interventora)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQWLD FMWKRDZ7S4XVMNKTFY	Página	15/16





6. DESTINO DO SUPERÁVIT DA LIQUIDACIÓN DE 2025 NO ANO 2026

Sendo o nivel de endebedamento nos termos do Protocolo de Déficit Excesivo do estado español de 0,00 €, non procede aplicar o superávit da liquidación do ano 2025 á amortización da mesma en cumprimento dos artigos 12.5 e 32 da LOE.

O RD Lei 15/2025, en aplicación do seu artigo primeiro, prorrogou a Disposición Adicional 6ª da LOE, que permite ás entidades locais destinar o superávit obtido na liquidación do exercicio 2024 a financiar IFS nos anos 2025, 2026 e 2027.

7. CONCLUSIÓN.S.

Primeira: Emítase o presente informe coa finalidade de avaliar o obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto, de débeda pública e período medio de pagamento global a provedores a 31 de decembro de 2025. O presente informe ten carácter definitivo.

Segunda: A entidade a nivel consolidado cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, débeda pública e período medio de pago, e incumpre o de regra de gasto na liquidación a 31 de decembro de 2025.

Terceira: Téndose aprobado no ano 2025 (ante o incumprimento da Regra de gasto na liquidación de 2024), un Plan Económico-Financeiro de reequilibrio que permitise no ano 2025 e no seguinte (2026), o cumprimento da regra de gasto, este incumprimento esixirá aprobar un acordo de non dispoñibilidade de crédito para que o gasto computable de 2026 se manteña dentro da senda de cumprimento. Dito acordo de non dispoñibilidade de crédito deberá aplicarse, a lo menos, polo importe do incumprimento, salvo que se compense con outras medidas adicionais que garantan o cumprimento do PEF, segundo o artigo 25 da LOE, coma son a declaración IFS, logo da habilitación da Disposición Adicional Sexta da LOE aprobada polo RD Lei 15/2025.

A Interventora Xeral,
(Documento asinado dixitalmente)

Rosa Abelleira Fernández

	IV7RQWLD FMWKRDZ7S4XVMNKTFY	Fecha y Hora	26/02/2026 14:21:33
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARIA ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ (Interventora)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RQWLD FMWKRDZ7S4XVMNKTFY	Página	16/16

